

ÍNDICE XERAL

DOC. 01.- MEMORIA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA

PARTE 1.- MEMORIA DESCRIPTIVA

PARTE 2.- MEMORIA XUSTIFICATIVA

PARTE 3.- ANEXOS

ANEXO I. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E PROTECCIÓN DA PAISAXE

ANEXO II. INFORME XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE

ANEXO III. ANEXO SÍNTESE

ANEXO IV. FICHA DE VIXENCIA DE PLANEAMENTO

DOC 02.- ESTUDO DO MEDIO RURAL

DOC 03.- ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

DOC 04.- ANÁLISE DA MOBILIDADE

DOC 05.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 06.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 07.- NORMAS URBANÍSTICAS

DOC 08.- CATÁLOGO

DOC 09.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN, ESTUDO ECONÓMICO, INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA E MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA

DOC 10.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

DOC 11.- DOCUMENTACIÓN DOS ÁMBITOS DE PLANEAMENTO CON ORDENACIÓN DETALLADA

DOC. 01.- MEMORIA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA

PARTE 3.- ANEXOS

ANEXO II. INFORME XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE

1.	INTRODUCCIÓN	3
2.	INFORME XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE	3
2.1.	ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS	3
2.1.1.	Barreiras arquitectónicas urbanísticas.....	3
2.1.2.	Normas de calidade ambiental e paisaxística.....	4
2.2.	ZONIFICACIÓN ACÚSTICA	4
2.3.	COHERENCIA COAS DOT: ANÁLISE DE COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA	4
2.3.1.	Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade.....	5
2.3.2.	Proceso de decisión	6

ANEXO II. INFORME XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE

1. INTRODUCCIÓN

O presente documento constitúe a PARTE III da " MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº1 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA) NO P.I. ÁREA 33" de conformidade coas disposicións contidas no artigo 135.b) do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante RLSG), que se estrutura nos seguintes ámbitos:

- Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas
- Ruído
- Directrices de ordenación do territorio

2. INFORME XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE

2.1. ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS

En aplicación das disposicións contidas na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (no sucesivo LASB), así como o no Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (en diante RASB), a modificación respecta as disposicións contidas nos devanditos textos legais, ao obxecto de lograr a accesibilidade integral a todas as persoas e en especial a aquelas con mobilidade reducida. De acordo coas disposicións da LASB e o RASB, diferenciamos as barreiras arquitectónicas urbanísticas das barreiras arquitectónicas na edificación.

2.1.1. Barreiras arquitectónicas urbanísticas

O ámbito proposto para a ampliación dos usos dotacionais deberá ser adaptado de acordo coas seguintes condicións de accesibilidade:

- Disporán dun itinerario adaptado que permita un percorrido polo seu interior e o acceso aos elementos singulares do espazo e aos servizos hixiénicos segundo as esixencias sinaladas na base 1.1 do Regulamento sobre accesibilidade e supresión de barreiras.
- Os elementos de urbanización (pavimentos, saneamento, iluminado, electricidade, subministración de auga, etc.) que formen parte do citado itinerario estarán adaptados, de acordo coa base 1.2 do citado regulamento.
- Mobiliario urbano (sinais de tránsito, postes de iluminación ou calquera outro elemento vertical de sinalización) será adaptado de acordo coa base 1.4 do código de accesibilidade e co previsto no Art.19 e Sección 6ª do Regulamento citado anteriormente.
- No caso de preverse espazos libres de uso público deberán cumprir as prescricións sobre itinerarios, comunicación vertical, ramplas, ascensores e escaleiras previstas nos Arts. 16º e 17º do Regulamento.

2.1.2. Normas de calidade ambiental e paisaxística

Débase dar cumprimento ao preceptuado no artigo 43 da LSG e desenvolvido no Regulamento aplicable aos ámbitos da modificación:

“(…)

2. O plan urbanístico procurará unha razoable e equilibrada articulación de usos, actividades e tipoloxías edificatorias compatibles.

3. O plan que estableza a ordenación detallada terá en conta as previsións necesarias para evitar barreiras arquitectónicas e urbanísticas, de maneira que as persoas con mobilidade reducida vexan facilitado ao máximo o acceso directo aos espazos públicos e ás edificacións públicas e privadas, de acordo con a normativa vixente sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.”

2.2. ZONIFICACIÓN ACÚSTICA

A lexislación aplicable ao presente apartado baséase na Lei 37/2003, do 17 de novembro, de ruído, desenvolvida por RD 1513/2005, que foi modificado polo RD 1367/2007 do 18 de outubro e este á súa vez polo RD 1038/2012 do 6 de xullo. Así como polo Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de na Comunidade Autónoma de Galicia. Os criterios de delimitación das distintas áreas acústicas quedan establecidos no artigo 5 do Real Decreto 1367/2007.

De acordo co establecido no artigo 13 do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro:

“1. Todas as figuras de planeamento incluirán de forma explícita a delimitación correspondente á zonificación acústica da superficie de actuación. Cando a delimitación en áreas acústicas este incluída no planeamento xeral utilizarase esta delimitación.”

Polo que se identifica o ámbito coa zonificación tipo e, pertencente segundo o citado Decreto ao sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.

CADRO Nº1 TIPO DE ÁREA ACÚSTICA

TIPO DE ÁREA ACÚSTICA	ÍNDICES DE RÚIDO		
	Ld	Le	Ln
b) Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.	75	75	65

2.3. COHERENCIA COAS DOT: ANÁLISE DE COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA

Segundo a determinación 8.2 das DOT, como forma de garantir a coherencia da planificación e de evitar o risco da incorporación de actuacións con criterios alleos e inconsistentes coas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, realízase neste apartado unha ANÁLISE DA COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA (ACE) da alternativa proposta, co obxectivo de avaliar o grao de compatibilidade entre o planeamento e as aliñacións ou concordancias estratéxicas, obxectivos e criterios das DOT.

A continuación preséntase unha táboa resumo na que se compilan os aspectos clave identificados polas DOT en función da variable de sustentabilidade á que afectan de forma máis directa, co obxectivo de facilitar a análise dos efectos da modificación sobre os mesmos.

2.3.1. Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade

CADRO Nº2 ASPECTOS CLAVE IDENTIFICADOS POLAS DOT

VARIABLE	ASPECTOS CLAVE	INTEGRACIÓN NA MP
Ocupación do territorio (OT)	<ul style="list-style-type: none"> - Calidade do solo - Exposición a riscos naturais e tecnolóxicos - Vocacionalidade dos ámbitos 	<p>O ámbito da modificación abrangue o Polígono Área 33 no municipio de Silleda e regulariza a situación actual tras a urbanización do polígono.</p> <p>A proposta da modificación non se afectada por riscos naturais e tecnolóxicos nin contribúe a súa exposición.</p>
Paisaxe, Patrimonio Natural e Cultural (PPNC)	<ul style="list-style-type: none"> -Integridade paisaxística - Conservación do patrimonio natural e cultural - Fragmentación do territorio 	<p>A modificación proposta non afecta negativamente a calidade paisaxística do ámbito ao integrarse no polígono industrial existente.</p> <p>Non se afectan as normas de calidade estética nin integración paisaxística existentes.</p> <p>Non afecta a elementos do patrimonio natural e /ou cultural.</p>
Sociedade e Economía (SE)	<ul style="list-style-type: none"> - Competitividade económica - Equilibrio do desenvolvemento económico - Cohesión social - Calidade de vida da poboación - Gobernanza 	<p>A modificación proposta constitúe un beneficio público importante ao regularizar a ordenación á situación do polígono industrial tras a súa urbanización en torno a parcela 1 da maza 12 da Fase B do polígono industrial Área 33, motor esencial no desenvolvemento da actividade industrial e económica de Silleda, así como un instrumento dinamizador da creación de emprego no concello e na Comarca do Deza.</p>
Atmosfera (A)	Calidade do aire	O desenvolvemento da modificación proposta non prevé efectos sobre esta variable respecto a situación de partida
Ciclo Hídrico (CH)	<ul style="list-style-type: none"> - Calidade da auga - Consumo de recursos hídricos 	O desenvolvemento da modificación proposta non prevé efectos sobre esta variable respecto a situación de partida
Enerxía	Consumo enerxético	O desenvolvemento da modificación proposta non prevé efectos sobre esta variable respecto a situación de partida
Xestión de Residuos	- Xeración de residuos	Dado que na parcela obxecto da modificación instalouse a planta de transferencia de residuos municipal, o desenvolvemento da modificación proposta prevé efectos positivos sobre esta variable ao contribuír a xestionar de maneira eficiente os fluxos de materiais e residuos.
Cambio Climático (CC)	Emisións de GEI	O desenvolvemento da modificación proposta non prevé efectos sobre esta variable respecto a situación de partida
Mobilidade (M)	<ul style="list-style-type: none"> - Necesidades de mobilidade - Equilibrio no reparto modal 	O desenvolvemento da modificación proposta non prevé efectos sobre esta variable respecto a situación de partida

2.3.2. Proceso de decisión

a) COHERENCIA EN FERVENZA

As DOT, inclúen o municipio de Silleda dentro do Sistema Urbano Intermedio denominado Sistema Central Lalín- A Estrada. As cidades de Lalín e A Estrada son dous núcleos dinámicos, que historicamente desenvolveron funcións como centros comarcais. Constitúen elementos de relación e conexión costa-interior do sistema urbano de Galicia pois ocupan unha posición central no territorio da Comunidade. Lalín é a encrucillada das rutas de conexión de Lugo coas Rías Baixas e de Ourense con Santiago e as Áreas Urbanas do norte mentres que A Estrada ocupa unha posición moi próxima ao denominado eixe urbano do Atlántico e é o principal centro urbano entre Santiago e Pontevedra.

Silleda constitúe a subcabeceira deste sistema urbano intermedio sendo unha parte integrante deste nivel do sistema de asentamentos de Galicia.

Conta este subsistema cunha base económica diversificada, cun conglomerado de PEMS especializadas e competitivas e unha valorización dos recursos endógeno.

Trátase de núcleos dinámicos que poden potenciarse a través de melloras na súa calidade urbana e na súa oferta de servizos. A clave é estimular as actividades produtivas e mellorar a súa capacidade competitiva. As melloras infraestruturais que se suxiren neste documento serán decisivas para sacar partido ás súas vantaxes de localización no centro de gravidade de Galicia e a pouca distancia dos principais centros urbanos da Comunidade. A oferta de solo empresarial convértese así nunha estratexia de interese para o asentamento de novas empresas.

Entre as determinacións excluíntes (Det. 2.2.3)para o planeamento urbanístico destas vilas e pequenas cidades as DOT establecen que se deberá potenciar as dinámicas urbanas proporcionando unha estrutura urbana sólida e prever unha reserva de solo axeitada para atender a demanda de servizos, actividades produtivas e equipamentos de carácter supramunicipal, que non poidan atopar acomodo nos niveis urbanos e rurais de menor rango.

Entre as Determinacións orientativas relativas á xestión de residuos as DOT establecen dimensionar e localizar axeitadamente os espazos necesarios para os sistemas de recollida selectiva de residuos (Det.4.9.5.e)

Polo que as determinacións da modificación proposta compren co establecido polas DOT para o sistema urbano intermedio no referente ás dinámicas urbanas, demanda de servizos e espazos necesarios para a recollida de residuos.

b) COHERENCIA TRANSVERSAL

A modificación incorpora nas súas determinacións a lexislación comunitaria, estatal e autonómica de carácter básico e sectorial vixente que, xunto coa progresiva introdución de criterios de sustentabilidade nas diferentes normativas sectoriais de aplicación na ordenación do territorio froito dunha maior preocupación pola tutela ambiental e territorial da sociedade, asegura a adopción de eficaces medidas de prevención dos posibles

efectos negativos significativos sobre o medio ambiente derivados da ampliación proposta.

c) DEMANDA SOCIAL

A modificación proposta constitúe un beneficio público coa que se pretende establecer unha ordenación en coherencia coa realidade e necesidades que se demandan actualmente.

d) CONSIDERACIÓN DE ALTERNATIVAS

As diferentes alternativas propostas valoráronse segundo a súa adecuación aos obxectivos pretendidos para cada unha das variables de sustentabilidade analizadas.

e) CONSULTAS E COORDINACIÓN

En relación á participación cidadá, durante o procedemento de elaboración e de tramitación da Modificación seguiranse as esixencias establecidas tanto pola normativa urbanística como pola normativa ambiental a este respecto.

Neste senso, unha vez iniciado o procedemento de avaliación ambiental estratéxica, o borrador da modificación e o documento ambiental estratéxico estarán á disposición das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas durante o período de consultas de dous meses.

O equipo redactor introducirá nos documentos da modificación as correccións ou modificacións necesarias para emendar as deficiencias que indique o informe que emitan as Administracións.

O equipo redactor elaborará un informe ou valoración dos informes de carácter sectorial que se teñan recibido dos organismos competentes, de conformidade co previsto no artigo 60 da LSG e na correspondente lexislación de carácter sectorial.

A modificación fórmulase en coherencia coas determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio e recolle as afeccións sectoriais do ámbito da comunidade autónoma galega.

Asinan:



Alfonso Botana Castelo
Arquitecto



Beatriz García Becerra
Arquitecta



Paula Fernández Otero
Bióloga